

# DADAÍSMO

## OBRA: A FONTE

AUTOR: Marcel **DUCHAMP** (1887-1968)

CRONOLOXÍA: 1917

ESTILO: Dadaísmo

MATERIAL: Cerámica



## O DADAÍSMO E MARCEL DUCHAMP

A renovación que provocaron na Arte a finais do S.XIX os novos artistas, foi o caldo de cultivo no que xurdíu a ampla variedade de tendencias ou “ismos” das novas Vangardas do S.XX. En 1916, durante a Primeira Guerra Mundial, en Zúrich, un grupo de artistas reúnen-se no Cabaret Voltaire e é alí onde nace o movemento Dadá, como actitude de rexeitamento ante a realidade circundante por parte dun grupo de artistas novos. A orixe do nome é motivo de discusións; dise que Tristan Tzara atopou esta palabra ao abrir ao azar un diccionario nunha das reunións que o grupo celebraba no Cabaret Voltaire, pero carece de significado especial. Supón o uso da burla como medio para destruír os principios artísticos máis afianzados. Propuxeron solucións subversivas e anárquicas ante os criterios artísticos tradicionais, e chegaron incluso a falar da “fin da Arte”. Os dadaístas reivindicaban os obxectos industriais, a imprenta, o cine, o sexo e, sobre todo, a festa, o espectáculo e o humor. O Dadá foi fundado por Tzara, Hans Arp, Hugo Ball (escritor alemán) e outros intelectuais, ao mesmo tempo que se producía en Nova York unha revolución contra a arte convencional liderada por Man Ray, Marcel Duchamp e Francis Picabia. *Azar* é a palabra clave do Dadaísmo, converténdose no seu método artístico. En 1918 ámbolos dous grupos uníronse, deixando sentir a súa influencia por toda Europa. O Dadaísmo aportou á arte actual a súa eterna provocación, a importancia da imaxinación, unha nova estética e a validez do proceso creativo. Foi un dos precursores dos *happenings* e das *performances*.

Cando analizamos a obra de Marcel Duchamp queda sempre a dúbida do apartado artístico no que deberíamos clasificalo. Trátase dun pintor fauvista, cubista ou abstracto? É un escultor cinético ou un autor que emprega obxectos da vida cotiá e convérteos en arte? Pertenceu ao Dadaísmo? Anticipou o Surrealismo? Ou pode ser simplemente o irreverente, o provocador, o que engana ao espectador e se burla del? Podería ser todo á vez, e unha das personalidades máis creativas do panorama artístico do S.XX.

Duchamp viaxa moi novo a París para estudar arte, aínda que non conclúe os seus estudos, realizando unha viaxe estilística polas diferentes correntes pictóricas da época. O seu paso por cada unha delas é verdadeiramente fugaz. Cun espírito transgresor, formouse no Futurismo, rachando co Cubismo en 1912 coa polémica pintura *Espido baixando a escaleira* (que amosaba a dinámica do movemento, pero non o espido). Sempre vangardista, podería dicirse que a súa inquietude por buscar un camiño propio impídelle percorrer de todo aqueles que outros artistas abriron antes. Cara a 1913 practicamente abandona a pintura e serán moi poucos os cadros que realice.

Nesa mesma década revolucionou o mundo artístico ao presentar como obras de arte unha serie de obxectos cotiáns (rodas de bicicleta, taburetes, urinarios, pranchas...). Inicia a súa traxectoria como escultor, concretada na realización do seu primeiro “obxecto atopado”, a *Roda de bicicleta*, denominado pola crítica como **ready-made** (listo e feito), unha verdadeira innovación escultórica. Con iso pasa a converter obxectos cotiáns, que non posúen ningún valor específico e aos que el engade unha mínima transformación, en obras de arte, sacándoas do seu contexto habitual, xa que o que importan son as ideas. Hai pois unha posición

moi próxima ás formulacións dadaístas, en canto supón unha forte crítica ao propio sentido da Arte e a súa consideración na sociedade contemporánea.

A partir deste momento a produción artística de Duchamp faise escasa, en parte debido á súa permanente inquietude e as súas diversas afeccións, entre elas o xadrez. Adica oito anos a realizar a obra *O gran vidro*, que podemos considerar unha máquina virtual disparatada e xenial. Pero sen entender esta obra non poderíamos comprender os camiños que agora, nestes momentos, está a percorrer a arte.

Foi pioneiro en dúas das principais rupturas do S.XX: a arte cinética e o ready-made (obxectos manufacturados que descontextualiza do seu entorno habitual e aos que lles outorga unha nova identidade, situándoos nun ámbito artístico), e introducía unha forte crítica á institucionalización e ao culto ás obras de arte. Exerceu gran influencia no desenvolvemento do Surrealismo e do Pop Art.

## COMENTARIO

Duchamp comprou este urinario en 1917. Levouno ao seu estudo, xirou o obxecto e asinouno como “R. Mutt”. Deste xeito, conseguirá darlle un sentido distinto, converténdoo nun obxecto artístico. Duchamp fora invitado por unha galería de arte para formar parte do xurado dunha exposición e, sen informar a ningún, o autor enviou a súa *Fonte*, que escandalizou ao resto do xurado que considerou o asunto como unha groseira provocación, decidindo non expoñer a peza e arrinconala. Duchamp, entón, renunciou ao xurado, causando o incidente un escándalo que sacudiu ao mundo da arte. Posteriormente, o xurado enteirouse de que o verdadeiro autor da obra polémica non era un descoñecido, senón Marcel Duchamp, un artista de certo prestixio, readmitindo a peza. Isto convenceu ao autor da hipocresía de moitos críticos e espectadores que valoran unha obra en función de quen sexa o seu autor. De xeito anónimo, defendeu a R. Mutter nunha revista, e deu unha definición da súa nova arte do **ready-made**: *se o señor Mutter fíxoo coas súas mans ou non, non ten ningunha importancia. El o escolleu. El tomou un obxecto cotián, colocado de modo que o seu significado habitual desapareceu baixo o novo título e punto de vista, e creou unha nova conceptualización para ese obxecto.*

Duchamp pensaba que o espectador debería disfrutar da obra artística sen prexuízos, só tendo en conta se lle gusta ou emociona, independentemente de quen a asine. Con esta actitude provocadora, o artista quixo amosar a súa desilusión ante as formas tradicionais da arte, pintura e escultura, como medios de expresión, e o su rexeitamento ante a idea de que a arte e o artista teñen “unha natureza especial”, distinta á dos homes e obxectos ordinarios. O seu xesto de enviar á exposición un produto comercial fabricado en serie e asinado por un “artista” inexistente, opoñíanse radicalmente á sacralización da obra de arte como “creación única e irrepetible dun xenio”. Este desafío “antiartístico” buscaba rachar coas barreiras tradicionais da arte e ampliar os seus horizontes. Neste sentido, os *ready-made* e especialmente *A fonte*, son a orixe da arte conceptual, no sentido de que o que prima neles é a súa capacidade para facernos reflexionar, aínda na actualidade, sobre que é a Arte e como debemos aproximarnos a ela, asuntos esenciais en toda a Arte dos SS.XX e XXI.

Esta peza, que nun principio foi rexeitada na Exposición de Artistas Independentes de Nova York, hoxe en día está considerada como unha das obras máis influentes do S.XX, marcando o inicio da modernidade artística. Curiosamente, o orixinal perdeuse, xa que nunca chegara a expoñerse en público, encargando Duchamp posteriormente distintas réplicas nos anos 1960, que agora se atopan en distintos museos do mundo.